

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BETANZOS

Modificación das ordenanzas fiscais ordenanza fiscal nº 2,4,5, 9, 10 11, 12, 15, 2, e 35, así como do prezo público nº 2. Autoliquidación

EXPEDIENTE: 2022/G016/000004

O Pleno da Corporación, en Sesión Ordinaria do martes 26 de xullo de 2022, acordou aprobar inicialmente a modificación das seguintes ordenanzas fiscais:

Ordenanza fiscal Nº 4: reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas de apertura de establecementos.

Ordenanza fiscal Nº 5: reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas de autotaxis e demais vehículos de alugueiro.

Ordenanza fiscal Nº 9: reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras, tribunas, estrados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

Ordenanza fiscal Nº 10: reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con quioscos.

Ordenanza fiscal Nº 11: reguladora da taxa pola apertura de gabias, prospeccións e calas en terreos de uso público, así como as remexeduras de pavimentos ou beirarruas na vía pública.

Ordenanza fiscal Nº 12: reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mercadorías, materias de construción, refugallos, valos e instalacións análogas.

Ordenanza fiscal Nº 15: reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como industrias de rúa e ambulantes.

Ordenanza fiscal Nº 32: reguladora da taxa poles servizos asociados a matrimonios civís nas dependencias municipais.

Ordenanza fiscal Nº 35: taxa por caixeiros na vía pública.

Prezo público nº 2: pola prestación de servizos culturais, publicidade e venda de publicacións.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste concello:<https://sede.betanzos.gal>

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente devandito acordo.

Betanzos, 24 de agosto de 2022

A alcaldesa

María Barral Varela

2022/5269